

DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA APORTACIÓN
MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024,
PARA A DEBIDA XESTIÓN DUNHAS OBRAS NA ZONA RURAL (PPU-2024).**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 1-2025, por un importe total de 32.500,00 €, dentro do vixente orzamento municipal prorrogado para o exercizo 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, para a debida xestión dunhas obras na zona rural (PPU-2025), según pon de manifesto a técnica do servizo de Medio Rural, Isabel Cereijo Espantoso,coa conformidade da responsable da área xestora, Ana Mª González Abelleira con data 24.01.2025, e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral prorrogado, solicítase por parte deste, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/104, de data 30.01.2025, así como o RCMOD núm: 2025/4880, por importe de 32.500,00€.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 32.500,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.21000	32.500,00 €	45910.61900	25XX00033	32.500,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	32.500,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		32.500,00 €

INTERVENCIÓN

LVP/mlv

Refª: ispac8185727780671582108.doc

Asunto: Transferencia de crédito 1-2025

--	--	--	--	--

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.